

Resume do BRIEFING

Sesión de información previa á carreira

10:00 h.

X PROBA, XXIV LIGA GALEGA ORIENTACIÓN O-PÉ

II Memorial Patxi Arufe

SÁBADO 07/11/2015

Dadas as características especiais da proba, convén resaltar os aspectos máis relevantes e novidosos xa detallados no boletín 2 de información sobre a proba.

- **CUESTIÓNS DE SEGURIDADE:**

Entre Presaída e Saída (500 m.) seguir o balizado e cruzar a través dos **pasos de peóns** sinalizados e regulados. Do mesmo xeito, ao rematar a primeira parte da carreira no treito neutralizado, seguir as indicacións da Organización e o balizado, cruzando polos pasos de peóns (baliza neutralizada)

Zonas indicadas como prohibidas/fóra de competición: Por precepto legal, **queda absolutamente prohibido o acceso a estas zonas, o tránsito e/ou cruce.** Haberá pasos obrigatorios indicados no mapa. Advírtese expresamente aos participantes da presenza de observadores da Organización. **Calquera incumprimento provocará a DESCALIFICACIÓN do corredor.** A decisión dos controladores será inapelable. **Apelamos coma sempre ao xogo limpo** e non ter que facer uso de medidas disciplinarias.

Precaución co tráfico, coa circulación de vehículos e manobras.

Nas **viraxes**, non achegarse ás esquinas e beiras de edificios, para evitar colisións con peóns ou outros corredores. Nalgunhas zonas cubertas, a **altura** do teito e ou saítes ornamentais é de **1,76 metros**.

En caso de día húmido ou chuvioso, hai zonas de baldosas moi esvaradías: ¡precaución, mirar onde se pisa, sobre todo en zonas de rampas!!

- **CUESTIÓNS DE RESPONSABILIDADE E DILIXENCIA DO CORREDOR**

NON se chamará aos inscritos nin na Presaída nin na Saída. A Organización soamente comprobará que os participantes dispoñen do seu **dorsal** e saen á hora

correcta e, en todo caso, nunca antes. É responsabilidade do corredor estar no lugar das presaida e saída á hora indicada, levar a súa tarxeta SportIdent correcta e que facilitou á Organización na inscrición.

Lembrarse de limpar e comprobar a tarxeta SportIdent previa á saída.

É obrigatorio levar o **dorsal visible no peito** do corredor: non se autorizará a Presaída sen o dorsal.

- **CUESTÍONS TÉCNICAS**

Cobra especial importancia “**entrar ben no mapa**” para entender o criterio do debuxo.

Atención ao debuxo de **zonas a distintas alturas superpostas**. Norma ISSOM 2007.

Respectar a prohibición de non traspasar os elementos sinalados como infranqueables no mapa, **aínda que físicamente puidera ser factible superalos, e moi tentador facelo para cobrar vantaxe na carreira.**

Coller a descrición de controis dispoñible na saída, e que **inclúe as dúas partes da carreira**; na segunda parte NON haberá descrición de controis solta, só impresa no mapa.

No caso de desaparición da estación, pinza e/ou a propia baliza, a carreira non se suspenderá, nin sequera o percorrido nese tramo, sendo obriga do corredor, **unha vez asegurada in situ dita falta de control**, continuar ata a seguinte baliza.

Segundo tramo da carreira (microsprint, Colexio Liceo): se colle o mapa no punto indicado e, sen míralo (sen darlle a volta), se comproba que corresponde o percorrido/categoría, acto seguido se “pica” a baliza “start” para desfacer a neutralización e se continúa a carreira (;rápido!). Haberá neste punto supervisión por parte da Organización.

Como característica regulamentaria particular no final de carreira, advertir que para a fichaxe en cada punto de control **o corredor debe CHEGAR físicamente a él, e non picar por riba de valados ou balizados**. Todo corredor que non cumpra esta premisa será DESCALIFICADO. Balizas moi xuntas. Final de carreira moi rápido e moi intenso (moita concentración!!)

- **XURADO TÉCNICO**

Pedro Parga Andón, Club Fluvial.

Pier Veira Lauzara, Robaliza.

Santiago Traveso Rodríguez, Artábros (Xuíz Controlador).